

MISA CON NENOS

12 de marzo 2017 - CORESMA 2º A

Mt. 17,1-9: "Transfigurouse diante deles".



**Na Coresma descobre a Xesús.
É DEUS: ora, escóitao, adórao.**

1.- ACOLLIDA

Amigos e amigas:

O pasado domingo tivemos a oportunidade de acompañar a Xesús home na súa experiencia do deserto e de ver como Xesús nos ensinou o camiño de saber elixir ben para non caer na tentación.

Neste 2º domingo de Coresma, seguimos intentando coñecer, amar e seguir mellor a Xesús. No monte Tabor, antes de sufrir na cruz, transfigúrase diante dos seus tres apóstolos preferidos, maniféstanoselles como Deus connosco, que sempre nos escoita e acolle.

Fagamos tamén nós hoxe con el experiencia de oración, deixándonos transfigurar por Xesús. El axudaranos a sentirnos firmes e seguros na nosa fe, malia as dificultades polas que teñamos que pasar. Que escoitemos con atención a Palabra de Deus, e encheranos de luz, de forza, conectará o noso corazón ao de Cristo para escoitar a súa música divina e saír a anunciar a todos a súa vida nova.

(Poderíase poñer nas escaleiras do presbiterio diversas BIBLIAS e evanxeos, poñer un cirio aceso á beira e unha palabra: "Escoitádeo!"; ou poñer o texto xunto ao ambón).

No nome do Pai ... O Señor Xesús que está sempre ao noso lado, regálanos a súa Palabra e anímanos co seu Espírito, sexa con todos vós.

2.- PERDÓN

Somos pecadores, pero tamén fillos de Deus; por iso dirixímonos ao Señor confiando na súa misericordia e no seu perdón:

- Ti, o Deus que te achegas e acolles os pecadores. **Señor, ten piedade.**

(Posibilidade de que o lea un catequista)

- Ti, Señor, que nos invitas a escoitar a túa Palabra. **Cristo, ten piedade.**

(Posibilidade de que o lea un pai/nai)

- Ti, Señor, que coa túa entrega dás sentido á cruz e fas posible a nosa salvación. **Señor, ten piedade.** *(Posibilidade de que o lea un neno)*

Que Deus, noso Pai, teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna.

3.- PALABRA DE DEUS

MONICIÓN:

Vivamos tamén nós na Eucaristía esta experiencia do Tabor, de encontro con el, escoitándoo e seguindo o seu estilo de vida, con todas as consecuencias

Imos escoitar agora, no **libro da Xénese**, como Abrahán escoitou a chamada de Deus e se atreveu a fiarse del ata o final e lle deu unha resposta de fe. A segunda lectura de **Paulo a Timoteo** falaranos da salvación que recibimos por Xesucristo. E no **Evanxeo de Mateu**, Xesús, transfigurado, cheo de Deus, ilumina e enche de forza a aqueles apóstolos antes da súa morte.

LECTURAS

- **XÉNESE 12, 1-4 A: *Vocación de Abrahán, pai do pobo de Deus.***
- **SALMO 32: SALMO 32: R/. *Que a túa misericordia, Señor, veña sobre nós, como o esperamos de ti.***
- **TIMOTEO: 1, 8B-10: *Deus chámanos e ilumínanos.***

.MATEU 17, 1-9: O seu rostro resplandecía coma o sol.

Narrador: Naquel tempo, Xesús tomou consigo a Pedro, a Santiago e a seu irmán Xoán, e subiu con eles aparte a un monte alto. Transfigurouse diante deles, e o seu rostro resplandecía coma o sol, e os seus vestidos volvéronse brancos como a luz.

De súpeto aparecéronselles **Moisés e Elías** conversando con el. Pedro, entón, tomou a palabra e díxolle a Xesús:

Pedro: -«*Señor, que bo é que esteamos aquí! Se queres, farei tres tendas: unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías*».

Narrador: Aínda estaba falando cando unha nube luminosa cubriunos coa súa sombra e unha voz desde a nube dicía:

Voz: -«*Este é o meu Fillo, o amado, en quen me comprazo. Escoitádeo*».

Narrador: Ao oílo, os discípulos caeron de bruzos, cheos de espanto. Xesús achegóuselles e, tocándoos, díxolles:

Xesús: -«*Erguédevos, non temades*».

Narrador: Ao alzar os ollos, non viron a ninguén máis que a Xesús, só. Cando baixaban do monte, Xesús mandoulles:

Xesús: -«*Non contedes a ninguén esta visión ata que o Fillo do home resucite de entre os mortos*».

Palabra do Señor.

(Narrador – Pedro – Voz - Xesús)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote): Cheos de fe, oremos confiadamente ao Señor.
Digámoslle:

- Que ben se está contigo, Señor. – Que a túa Palabra sexa importante na miña vida.

1. Pola Igrexa, para que facilite encontros con Deus na oración persoal e comunitaria. *Oremos.*
2. Para que escoitemos a Palabra de Deus e a valoremos máis cada día. *Oremos.*
3. Para que en Coresma sigamos renovando o noso bautismo e converténdonos das nosas malas actitudes. *Oremos.*
4. Para que a forza do Pan que imos compartir na Eucaristía nos faga máis irmáns. *Oremos.*
5. Para que saiamos da Eucaristía dispostos a baixar das nubes e pisar o chan de cada día. *Oremos.*
6. Para que todos os días busquemos momentos para orar, meditar a Palabra, e conectarnos ao Deus que nos transforma por dentro. *Oremos.*

(Sacerdote): Escoita, Señor, as nosas oracións e regálanos o teu amor e o teu perdón.

5.- PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

-BIBLIA OU LECCIONARIO: *(uns nenos ou maioresponse arredor da Palabra de Deus ou do ambón, vaise achegando a bicala cada un e di:)*



**“Señor, Xesús,
que a túa palabra sexa importante na miña
vida”.**

-LIBRO DE ORACIONES:

Hoxe Xesús queremos agradecerche que sempre podemos falar contigo e escoitarte na oración. Ti, acompáñanos, anímasnos e dásnos a forza necesaria para seguirte aínda que esteamos en dificultades.

-PAN E O VIÑO:

O pan e o viño, Señor, neste 2º domingo de Coresma, reflicten o esforzo de moitos homes e mulleres por levar adiante a misión de Xesús, Fillo de Deus, na terra, no compromiso diario.

6.- ACCIÓN DE GRACIAS

QUEREMOS SER DOS TEUS, SEÑOR:

Dos que escoitan a túa Palabra.

Dos que se senten amigos teus.

Dos que non son covardes ante as dificultades.

Dos que te buscan malia os nubrados.

QUEREMOS SER DOS TEUS, SEÑOR:

E subir ao monte da Eucaristía para verte

E subir ao monte da Eucaristía para escoitarte

E subir ao monte da Eucaristía para amarte

E subir ao monte da Eucaristía para non perderte

QUEREMOS SER DOS TEUS, SEÑOR:


Porque, Ti, es o Fillo de Deus

Porque, Ti, es a Palabra do Pai

Porque, contigo, é onde mellor estamos

Porque, contigo, é con quen mellor imos

QUEREMOS SER DOS TEUS, SEÑOR



7.- TEXTO DO PAPA FRANCISCO

O Papa Francisco ao iniciar a Coresma, o pasado domingo (4-03-2017) puxo un exemplo:

“Alguén dixo: que pasaría se tratamos a Biblia como tratamos o noso teléfono móbil? Se a levásemos sempre connosco, ou polo menos o pequeno Evanxeo de peto, que sucedería? Se nos volvésemos cando nola esquecemos: ti esqueceste do móbil ... Ui! ¡Non o teño, volvo buscalo!. Se a abrísemos varias veces ao día; se lésemos as mensaxes de Deus contidas na Biblia como lemos as mensaxes do teléfono ... que sucedería?”.



en CUARESMA descubramos a...



Hombre + Dios + Agua + Luz + Vida
causa de nuestra alegría...

REDE CATEQUISTAS GALICIA